



**CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL (FGCMF) POLO QUE SE REGULAN AS CONDICIÓNS NAS QUE SE LLE CONCEDE UNHA SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NA VIXENTE LEI DE ORZAMENTOS DA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA A REALIZACIÓN, DURANTE O ANO 2016, DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DAS EMBARCACIÓNS PATRIMONIAIS DE GALICIA.**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A Directora Xeral da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar,  
**DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar ten previsto formalizar coa Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranque dende a entrada en vigor ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: o desenvolvemento de actividades de dinamización das embarcacións patrimoniais no ano 2016

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Que no estado de gastos da Lei de orzamentos deste exercicio figura unha subvención nominativa á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF), por importe de 26.576,00 €, (proxecto 2015 00595), que ten por obxecto contribuír ao financiamento das actividades da entidade no ámbito que lle é propio.

2.- Que consonte ao establecido no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no 36 a) do Regulamento desta Lei, procede establecer un acordo de colaboración entre ámbalas dúas entidades para a súa realización

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou





**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DO MAR**  
Dirección Xeral de  
Desenvolvemento Pesqueiro

Edificio Administrativo San Caetano  
15771 Santiago de Compostela  
Tfnos. 981 544 038  
Fax: 981 544037

galicia

doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 22 de abril de 2016.

